



MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO PARA O CURSO 2021/22

O obxectivo das seguintes medidas é a non aglomeración de persoas, tanto a entrada como a saída dos centros, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersoal. Así, nos centros educativos onde sexa posible, **habilitaranse diferentes entradas para o alumnado das diferentes etapas educativas.**

Poderase permitir en todos os niveis superiores ao ensino infantil a entrada do alumnado con anterioridade á hora de inicio da actividade lectiva dentro da aula que teña asignada, a medida que van chegando ao centro, co fin de evitar aglomeracións e acadar unha distribución máis axeitada dos tempos de entrada.

O alumnado de El levará un distintivo de cor para non mesturar niveis, por exemplo una fita de cor atada e ben visible na mochila:

- **Amarelo para 4º de educación infantil**
- **Vermello para 5º de educación infantil**
- **Azul para 6º de educación infantil**

PORTAIS E PORTAS DE ENTRADA

- **O alumnado transportado** accederá polo portal principal (pérgola) a medida que vaian chegando os autobuses, incorporaranse pola porta que lles corresponda, de xeito ordenado e sen esperas.
- **Para todo o alumnado non transportado:**
 - EDUCACIÓN INFANTIL, accederá polo portal exclusivo de infantil (novo no patio de 3 anos).
 - EDUCACIÓN PRIMARIA:
 - 1º, 2º e 3º DE PRIMARIA ENTRAN POLO PORTAL LATERAL, unha vez dentro do recinto a distribución é a seguinte:
 - 1º A, B e C entrarán pola porta nº 1, identificada de cor AMARELO e seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita.
 - 2º A pola porta nº 2 e 2º B e C pola porta nº 3, identificadas de cor LARANXA, e seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita.



- 3º A, B e C entrarán pola nº 5, identificada coa cor VERDE, e seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita.
- 4º, 5º e 6º DE PRIMARIA ENTRARÁN POLO PORTAL PRINCIPAL, O DA PÉRGOLA, unha vez dentro do recinto a distribución é a seguinte:
 - 4º A, B, C e D entrarán pola porta nº 6, identificada coa cor VERMELLA, e seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita.
 - 5º e 6º A, B e C entrarán pola porta nº 4, e seguirán a sinalización do chan (ROSA para 5º e AZUL para 6º), circulando sempre pola súa dereita.

2.- HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA:

Entrada de Educación Infantil

- **Alumnado transportado: De 8:50h a 9:05h.**
- **Alumnado non transportado: De 9:05h a 9:10h**

O alumnado de 4º EI durante o período de adaptación o horario será o que lle especificou a titora correspondente. Unha vez finalizado o período de adaptación o horario será sempre ás 9:10h.

Saída de Educación Infantil

- Alumnado de comedor: Desde ás 13:55h todo o alumnado de comedor permanecerá na súa aula acompañado polo monitor/a asignado.
- Alumnado non transportado: Todo o alumnado non transportado de educación infantil sairá acompañado polo profesorado responsable que os entregará polo portal do patio de infantil (novo) entre as 13:55h. e as 14:05h
- Alumnado transportado: Entre as 13:55h e as 14:00h serán recollidos na aula polo profesorado encargado de acompañalos até a zona de acompañantes de autobús escolar. Baixarán pola rampla de infantil.



Entrada de Educación primaria

- **Alumnado transportado:** De 8:50h a 9:05h. e incorporárase á aula que lle corresponda polo portal e porta de entrada ao centro asignada.
- **Alumnado non transportado:**
 - 1º, 2º e 3º De 9:00h a 9:05h polo portal lateral e porta asignada.
 - 4º, 5º e 6º de 9:00h a 9:05h polo portal principal e porta asignada

Saída de Educación primaria

- **Alumnado de comedor:** Desde ás 14:00h todo o alumnado de comedor permanecerá na súa aula acompañado polo monitor/a asignado.
- **Alumnado non transportado:** Todo o alumnado non transportado de educación primaria acudirá á porta de saída acompañado polo mestre ou mestra que lle corresponda. O alumnado sairá do edificio sen mesturarse con outros niveis, en fila, mantendo a distancia de seguridade polas portas asignadas e abandonará o recinto polos portais asignados e nos seguintes tramos horarios:
 - 1º EP saída pola porta 1 e polo portal lateral entre as 13:55h e as 14:00h.
 - 2º EP saída polas portas 2 e 3 e polo portal lateral entre as 14:00h e as 14:05h
 - 3º EP saída pola porta 5 e polo portal lateral a partir das 14:05h
 - 4º EP saída pola porta 6 polo portal central entre as 14:00 e as 14:05h.
 - 5º EP saída pola porta 4 e polo portal central entre as 14:00h e as 14:05h.
 - 6º EP saída pola porta 4 e polo portal central entre as 14:00h e as 14:05h.
- **Alumnado transportado:** No momento de saída dirixíranse co profesorado ao lugar de recollida polas acompañantes de autobús, ademais estarán baixo a supervisión do profesorado de garda.

Normas xerais para desprazamentos por todo o recinto escolar:

- Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará



pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.

- A cada grupo-clase asignaráselle unha porta de entrada e saída ao centro (será sempre a mesma).
- A cada nivel asignaráselles unha cor para que poida identificar perfectamente a porta e o percorrido.
- A orde de saír e entrar no tempo de recreo será, primeiro as aulas que se atopen máis afastadas no corredor ata as clases que se atopen máis próximas á porta de entrada ou escaleiras.
- Nos corredores estableceranse os sentidos de dirección en ambas marxes do corredor de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade.
- Durante o desprazamento do alumnado polo interior do centro, os alumnos e alumnas evitarán tocar as paredes, pasamáns das escaleiras e obxectos que atopen ao seu paso.
- Sinalizarase mediante cartelería ou dispositivos visuais tanto no chan como nos paramentos.
- Nas comunicacións verticais o uso do elevador quedará limitado ás persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara.

Acceso ás aulas:

Educación infantil:

As aulas 1 (5ºA), 2 (5ºC), e 3 (4ºA) están situadas na planta baixa.

As restantes aulas están no 1º andar e empregarán a seguinte ruta para os desprazamentos:

- Aula 5 (4ºB), Aula 6 (6ºB) e Aula 7 (6º C) subirán e baixarán pola escaleira situada á esquerda ao fondo do corredor, seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita.
- Aula 4 (6º A) e Aula 9 (5ºB), subirán e baixarán pola escaleira situada á dereita da entrada principal do edificio, seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita.

1º, 2º e 3º de Educación primaria: Planta baixa



- 1º A, B e C entrarán pola porta nº 1, identificada de cor AMARELO e seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita.
- 2º B e C pola porta nº 3 e 2ºA pola porta nº2, identificada de cor LARANXA, e seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita.
- 3º A, B e C entrarán pola nº 5, identificada coa cor VERDE, e seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita

4º,5º e 6º de Educación Primaria: 1º andar

- 4º A, B, C e D entrarán pola porta nº 6, identificada coa cor VERMELLA, e seguirán a sinalización do chan, circulando sempre pola súa dereita.
- 5º e 6 A, B e C entrarán pola porta nº 4, e seguirán a sinalización do chan (ROSA para 5º e AZUL para 6º), circulando sempre pola súa dereita.

Acceso ao ximnasio:

- Entrarase pola porta do patio traseiro e sairase pola porta do lateral lindeiro co IES.